

INFORME FINAL DA XORNADA DE DEBATE

CARACTERIZACIÓN,
EVOLUCIÓN E
RETOS FUTUROS DO

estado do benestar

UNHA VISIÓN DENDE GALICIA



CES
GALICIA
Consello Económico e Social de Galicia

CARACTERIZACIÓN, EVOLUCIÓN E RETOS FUTUROS DO BENESTAR DO ESTADO DO BENESTAR: UNHA VISIÓN DENDE GALICIA

Luis Buendía (Universidad de León)

Melchor Fernández (Universidade de Santiago de Compostela)

Pedro Rey-Araújo (Universidade de Santiago de Compostela)

Ismael Yrigoy (Universidade de Santiago de Compostela)

Introdución

O sector público desempeña un papel fundamental no garantir a igualdade de oportunidades entre os cidadáns dun territorio e mellorar os niveis de benestar da sociedade. En España, no 2022, o gasto público nos servizos públicos fundamentais (SPF) que compoñen a parte principal o Estado do Benestar (sanidade, educación e protección social) supón unha cifra equivalente ao 30,1% do PIB, unha proporción que se sitúa case 2,5 puntos porcentuais (pp.) por debaixo da media dos países da Eurozona e é inferior á das tres maiores economías de Europa (Alemaña 33,4% Francia 38,1% e Italia 33,1%).

A partir dos anos setenta do século XX, o Estado de Benestar (EB) tivo que enfrontarse a continuas críticas e a un ataque permanente aos seus fundamentos que se reavivou despois da crise económica de 2008. A súa reforma permaneceu na axenda política de todos os países avanzados desde hai máis de catro décadas. A dinámica demográfica en Europa forzou continuas revisións dos obxectivos e instrumentos de provisión social e induciron a que se fale da necesidade dun novo pacto *interxeracional* que permita manter un "Estado do benestar" no cal toda a sociedade este incluída e co que esté satisfeita. A transición verde, os escenarios de guerra, a dixitalización da economía e as novas relacións sociais son factores engadidos que se acumulan en contra da sustentabilidade do EB. Sen embargo, parece difícil pensar que as maiorías sociais nos próximos procesos electorais en Europa van aceptar a fin do benestar tal e como esta actualmente deseñado, o que obrigará aos responsables políticos a achegar solucións que permitan a súa renovación á vez que se protexen os seus fundamentos.

Este documento pretende realizar una breve reflexión sobre a caracterización do EB, a súa evolución e o seu futuro próximo dende a perspectiva dunha economía como a galega que ten que afrontar desafíos cruciais (como o demográfico) que poden poñer en “*xaque mate*” a sustentabilidade do noso modelo social. O documento divídese en tres partes. Na primeira incluímos unha breve caracterización do EB, analizando os seus principios, obxectivos e compoñentes, cal foi a evolución histórica e cales son os principais modelos existentes. Na

segunda parte analizamos a situación comparada dos SPF como parte nuclear do Estado do Benestar, pero dende unha perspectiva rexional, tendo en conta aquela parte do sistema sobre o que teñen competencias os gobernos autonómicos (sobre a sanidade e a educación son case exclusivas). Na terceira parte de este documento analizamos os retos que deben afrontar todas as sociedades europeas desde a perspectiva do EB. Galicia atópanse inmersa nun proceso de cambio, acelerado e multidimensional, con efectos incertos sobre o benestar. En concreto, analizaremos os retos que a transición demográfica supoñen para a sostibilidade do sistema no seu conxunto nun contexto de menor dinamismo económico; a emerxencia de novas vulnerabilidades sociais, singularmente relativas aos ámbitos laboral e reprodutivo; e, finalmente, os retos que impón a inevitable transición enerxética cara a fontes renovables.

I. Caracterización Xeral.

O Estado de Benestar é un conxunto institucional integrado por diversas entidades sociais, organizativas e normativas, orientado fundamentalmente cara á protección social, isto é, cara á protección contra os riscos das sociedades nas cales se desenvolve, coma o desemprego, a idade avanzada ou a enfermidade, entre outros (Buendía, 2011). Este obxectivo de protección social concrétase en realidades diferentes segundo o contexto. En todo caso, o EB utiliza unha serie de instrumentos para acadar estes obxectivos concretos, e dado que a súa natureza é a dun conxunto institucional, está suxeito á evolución histórica, é dicir, cambia no tempo en función de diversos factores económicos, políticos e sociais. Esta característica é fundamental para distinguilo doutras acepcións erróneas do Estado de benestar: o termo “Estado” non fai aquí referencia a unha fase ou situación, de forma que poderíamos dicir que tal ou cal país chegou a un estado de benestar (para iso xa existen conceptos como nivel de vida, calidade de vida ou mesmo, con apelidos distintos, desenvolvemento), senón que hai que enténdelo como sinónimo de sistema de protección social e, como tal, suxeito a vicisitudes históricas.

Nos apartados seguintes definiremos os obxectivos do EB, enumeraremos os seus compoñentes e detallaremos a súa evolución histórica, explicaremos as diferentes clasificacións do EB, e finalmente abordaremos o caso de España e o seu papel dentro de Europa.

1.1 Principais Obxectivos e Compoñentes.

Como dicíamos, o principal obxectivo dos EB é proporcionar protección social, é dicir, protección respecto dos denominados “riscos sociais”, aqueles que xorden na vida en sociedade. Hai que ter en conta que os Estados de benestar emerxen dentro dun modo de produción específico, que é o modo de produción capitalista, o cal condiciona a forma que adoptan estes riscos. Distinguiremos entre riscos de primeira xeración e de segunda xeración (Taylor-Gooby, 2004; Armingeon e Bonoli, 2006). Os riscos de primeira xeración son aqueles aos que se dirixiron os primeiros

intentos de ofrecer, sistematicamente, protección por parte do sector público, como as enfermidades ou a vellez. Así, as primeiras políticas sociais proporcionaban beneficios monetarios ás persoas que, ao atopárense en determinadas condicións, non podían gañar a vida a través do seu traballo por estaren enfermas ou por teren unha idade avanzada. A estes sumárase posteriormente o desemprego, o último deses riscos de primeira xeración que foron cubertos.

Os chamados riscos de segunda xeración, á súa vez, refírense a problemas que xorden, particularmente, nas sociedades capitalistas de comezos do século XXI, e que motivan a reforma dos EB para poder ofrecer protección contra eles. Trátase de vulnerabilidades como as derivadas da incidencia do desemprego entre segmentos concretos da poboación (como os traballadores maiores) ou da maternidade, que lle impide ás mulleres continuar coa súa carreira profesional.

Á marxe destes obxectivos vinculados aos riscos sociais, os EB pretenden reducir as desigualdades xeradas polo sistema económico, en parte como un obxectivo en si mesmo (en particular, froito da loita das franxas subalternas da poboación e das súas organizacións políticas e sindicais), e en parte tamén polas vantaxes que obteñen as sociedades cando a desigualdade é menor (como, por exemplo, a menor incidencia de problemas sociais; Wilkinson e Pickett, 2009). Nesta liña, o EB tería efectos redistributivos positivos ao ofrecer ás capas máis vulnerables da poboación ferramentas que afectan ao seu benestar, e ás que non poderían ter accedido sen a intervención pública, como as pensións de xubilación ou a educación.

Ademais, os EB tamén ofrecen protección social co obxectivo de mellorar a eficiencia do conxunto do sistema económico. En consonancia coa tese de Musgrave (1957) ao respecto dos bens preferentes (como a formación ou sanidade), o Estado debe proporcionar, polo menos, unha cantidade mínima deles de cara a favorecer a eficiencia do todo social, xa que, en moitos casos, estes bens non teñen unha demanda tan elevada como sería desexable dende a perspectiva do conxunto da sociedade, en tanto que esta se beneficia deles en maior medida da mera suma dos beneficios que cada individuo pode obter para si mesmo. Isto é especialmente evidente no caso da educación infantil: aínda que os seus usuarios son demasiado novos para comprender o valor que pode chegar ter, o Estado intervén de diferentes formas (regulando a escolaridade obrigatoria, prestando servizos educativos gratuítos, etc.) porque é bo para o conxunto da sociedade o elevar o seu nivel educativo, isto é, porque ten externalidades positivas.

En suma, atopamos tres grandes grupos de obxectivos: os vinculados á protección social, os que tratan de reducir a desigualdade social, e os vinculados á eficiencia. Poderíamos engadir un obxectivo adicional, que formaba parte da concepción do EB na súa fase de expansión, e que estivo inexorablemente ligado á súa evolución, como é o obxectivo de acadar o pleno emprego: o EB contribuíu a este obxectivo creando novos postos de traballo no propio sector público, os cales, ademais, contribuían á consecución dos demais obxectivos sinalados. Así ocorreu coa contratación masiva de empregados públicos cando se implantaron os sistemas públicos de educación e sanidade, por poñer dous exemplos paradigmáticos. Porén, coa hexemonía da

doutrina monetarista desde os anos 70 do século pasado, o pleno emprego pasou a un lugar secundario dentro das prioridades da política económica, mesmo alí onde EB seguía presentando unha senda expansiva ou, polo menos, de estabilización.

De cara a acadar os obxectivos sinaladas, os EB contan con diversos instrumentos. Na súa obra seminal, Titmuss (1960) falaba de tres dimensións do Estado de benestar: o benestar laboral (que xeraba protección social a través das políticas e normativas laborais), o benestar fiscal (que se levaba a cabo, principalmente, a través de impostos e bonificacións fiscais) e o benestar social, que é o que coñecemos habitualmente como EB, e que xera protección social a través de servizos e prestacións monetarias. No que segue, ímonos centrar neste último, polo que diremos que o EB está formado por unha serie de transferencias monetarias, regulacións e prestacións de servizos que abarcan diversos ámbitos: sanidade, educación, infancia, vellez, enfermidade, desemprego, e pobreza.

No relativo á sanidade, o EB pode ofrecer protección a través da prestación directa de servizos públicos, a través do financiamento de servizos prestados polo sector privado, mediante transferencias monetarias destinadas ao gasto público ou privado, ou mediante unha combinación deles. En todo caso, na medida en que o Estado sexa o último responsable de garantir un dereito (dereito social de cidadanía, en terminoloxía marshalliana; Marshall, 1998[1950]), sempre o encadraremos dentro do Estado do benestar. Do mesmo xeito, a atención á infancia pódese prestar a través do sistema educativo (como as garderías ou a etapa educativa de 3–6 anos), a través de prestacións monetarias (como os permisos parentais, ou as axudas por fillos), con cheques monetarios para gastar en servizos privados (como as axudas para financiar o gasto en garderías privadas), fixando unha idade obrigatoria antes da cal non é posible abandonar o ensino (o cal entraría dentro do ámbito de regulación) ou mesmo mediante bonificacións fiscais (como sucede en España coa bonificación para mulleres traballadoras). O mesmo aplica ás áreas restantes.

O caso da educación é, en todo caso, bastante peculiar porque, aínda que estatisticamente é considerado como externo ao gasto social por todas as organizacións internacionais, a literatura sobre EB optou tradicionalmente pola súa inclusión, con bo criterio dende o noso punto de vista (Buendía, 2011: n. 23). O motivo da discrepancia xorde do feito de que, conforme paradigmas como do Capital Humano, desenvolvida por Gary Becker, foron gañando terreo, a educación foi considerada como un investimento e non como un gasto, o que a diferenciaría doutros elementos de EB. Ao noso entender, a educación forma parte do EB, como o pon de manifesto a utilización do sistema educativo como mecanismo de coidado ás nenas nas súas idades máis novas (o que en si mesmo supón unha política de gasto) ao tempo que se fomenta a súa formación (o cal podería interpretarse como un investimento) e contribúe a reducir as desigualdades sociais (levándonos de novo ao eido do gasto).

1.2 Evolución Histórica.

No relativo á evolución da EB, aínda que, certamente, as primeiras medidas dirixidas a combater as formas máis extremas de pobreza datan de séculos atrás, existe un consenso académico en situar o comezo da prestación sistemática de protección social por parte do Estado na década de 1880, concretamente, na Alemaña do chanceler Otto von Bismarck. Nesa década aparecen por vez primeira as prestacións que se converterán en arquetipos do EB, como as pensións por xubilación, as prestacións por enfermidade, ou as prestacións por accidente laboral, isto é, as que cobren algúns dos denominados riscos sociais de "primeira xeración".

Entre as décadas de 1880 e 1930, comeza a introdución en Europa doutras políticas de protección social similares. En todo caso, é preciso resaltar que, dentro das principais prestacións monetarias, as últimas en seren introducidas foron as prestacións por desemprego, o cal pon de manifesto que os Estados do benestar son o resultado de complexas interaccións entre elementos políticos, económicos e sociais. O motivo principal polo que as prestacións por desemprego foron as últimas en seren introducidas, dentro daquelas que cobren os riscos sociais de primeira xeración, foi a oposición das asociacións empresariais, que temían que restaran incentivos ao traballo. Así, os partidos que representaban aos traballadores tiveron que pelexar cos seus opositores. Ata que o censo das democracias non foi ampliado a franxas máis amplas da poboación, esta prestación non puido ser xeneralizada.

En todo caso, será despois da II Guerra Mundial cando os EB dos países da OCDE experimenten un proceso de consolidación e expansión que, nin ten precedentes históricos, nin se volverá repetir pasada a década de 1970. Estas foron as décadas que se deron en chamar a "idade dourada do capitalismo", nas que coexistiron de forma xeralizada un crecemento económico estable e duradeiro, por unha banda, e un aumento da influencia de sindicatos e partidos de esquerda (axudados pola presión exercida pola mera existencia da URSS), pola outra, o que favoreceu a ampliación sostida dos niveis de protección social. É durante estes anos, entón, cando asistimos ao crecemento máis rápido dos niveis de gasto público sobre o PIB.

Dentro de Europa, con todo, España, Grecia e Portugal experimentarían esta mellora no seu EB de benestar con retraso respecto dos seus veciños do centro e norte de Europa. Isto explícase pola existencia de ditaduras nos tres países (Navarro, 2014) até a década de 1970 que serviron para conter o gasto en protección social, o cal pon de manifesto, de novo, a importancia dos factores políticos á hora de explicar a evolución histórica dos EB. No caso dos países do sur de Europa, entón, non será ata a década dos 80 cando se comece a reducir a distancia cos países do resto de Europa, precisamente cando estes mesmos países comezan a frear o crecemento dos seus Estados de benestar, e mesmo a introducir recortes.

Efectivamente, dende a década de 1980, coa emerxencia dun novo paradigma económico dominante que cuestiona a intervención do sector público na economía, e particularmente a relativa á protección social, asistimos á estabilización, e mesmo redución, do gasto social (coa excepción dos países do sur de Europa, como mencionabamos). Porén, a pesar destas tendencias, a propia inercia do gasto fixo que moitos países seguisen ampliando os seus niveis de gasto nestes anos, aínda que a un ritmo claramente máis lento (Muñoz de Bustillo, 2019). Este menor crecemento, e mesmo estancamento, do gasto social (ou redución, en casos como o de Suecia), produciuse nun contexto no que factores como o envellecemento, ou a incorporación masiva da muller á vida laboral, provocaron un aumento da demanda de gasto social, ocasionando en moitos casos focos significativos de insatisfacción de dita demanda. De feito, a erosión da calidade dos servizos públicos, manifestada, por exemplo, nos incrementos das listas de espera, sería consecuencia destas tendencias. Ao cal habería que engadir, coa introdución dende os anos oitenta do paradigma da Nova Administración Pública (que parte da hipótese de que as empresas son sempre máis eficientes que o sector público), os procesos de externalización de moitos servizos públicos multiplicáronse, de forma que, cos mesmos cartos (ou menos), é agora necesario financiar non só estes servizos, senón tamén os beneficios das empresas privadas que os prestan (o que só se pode resolver ben porque as melloras na eficiencia compensan realmente estas transformacións, o cal efectivamente sucede en ocasións, ou ben empeorando as condicións laborais de quen presta os servizos, ou a calidade destes, ou ambos, o cal efectivamente tamén ocorre noutras moitas).

1.3 Modelos do Estado de Benestar.

As diversas idiosincrasias dos marcos institucionais dos Estados de benestar, mesmo dentro dos países máis avanzados, levou a numerosos investigadores a tratar de observar as semellanzas e diferenzas existentes entre eles, co obxectivo de establecer clasificacións. En 1990, o traballo pioneiro de Gøsta Esping-Andersen (1993[1990]) sentou as bases desta tarefa, establecendo dúas dimensións principais en base ás cales establecer os parámetros que permitirían distinguir un EB doutro. A primeira dimensión foi a chamada desmercantilización, é dicir, ata que punto o EB é capaz de permitir que os cidadáns sobrevivan razoablemente ben sen ter que participar no mercado laboral. A segunda dimensión refírese á estratificación social, o vínculo entre a política social e os niveis de desigualdade e pobreza.

Partindo de aí, o autor dinamarqués concluíu que existían tres grandes modelos de Estado do benestar no mundo desenvolvido. En primeiro lugar, un modelo socialdemócrata, que se caracterizaría por un alto nivel de desmercantilización acompañado dunha menor desigualdade que no resto de modelos, derivada do predominio das prestacións de carácter universal. Os membros paradigmáticos deste modelo serían os países nórdicos como Suecia ou Dinamarca, por exemplo. En segundo lugar, un modelo conservador-corporatista, onde o grao de

desmercantilización sería menor, así como os niveis de igualdade, debido ao predominio nestes países das prestacións vencelladas á situación laboral e ao historial de cotización, xunto cunha concepción máis tradicional da familia. Neste modelo entrarían Alemaña ou Francia, entre outras. Por último, países como Reino Unido ou Estados Unidos entrarían no terceiro modelo, o liberal, que presentaría o menor grao de desmercantilización e tamén os maiores niveis de desigualdade, en tanto que as prestacións estarían maiormente restrinxidas aos casos de maior necesidade, deixando o resto en mans do mercado.

A clasificación de Esping-Andersen, moi estendida na literatura, foi evolucionando en resposta a diversas críticas que foi recibindo (Muñoz de Bustillo, 2019). Ademais da ausencia dos servizos (como a sanidade) no seu esquema, ou da marxinação da perspectiva de xénero (que o propio autor asumiu en traballos posteriores), o que máis nos interesa é a ausencia de España nos seus primeiros esquemas. O primeiro traballo que propón unha corrección do orixinal ao incluír España é o de Ferrera (1996), quen introduce o "modelo mediterráneo" como categoría propia (acompañando a Portugal, Grecia e Italia), onde os seus membros terían Estados de benestar máis ben fragmentados no ámbito das prestacións monetarias, vinculándoos á participación laboral, xunto con servizos, como a sanidade, de carácter universal.

O caso de España sería, entón, un modelo que tamén se podería considerar un híbrido dos outros, ao combinar distintos elementos dos tres modelos orixinais (Rodríguez Cabrero, 2011). O Estado de benestar español presenta unha cantidade importante de prestacións vinculadas ao status laboral (en liña co modelo conservador), como as pensións de xubilación, entre outras. Ademais, contaría con notables servizos públicos universais, ao estilo dos existentes no modelo socialdemócrata. E, ademais, a presenza do mercado, clave no modelo liberal, tería ido medrando dende a década de 1990 ao incorporar ás empresas de forma destacada nas prestacións do EB.

Por outra banda, outro trazo característico do EB español é o seu alto nivel de descentralización. Dende a década de 1980, o moderno EB español constrúese cun traspaso do Estado central ás Comunidades Autónomas das competencias en materia de servizos sociais, educación, e sanidade, deixando como competencias centrais (da Seguridade Social) as pensións de xubilación, e as prestacións por desemprego. En consecuencia, e a diferenza dos EB máis centralizadas, España experimentou unha fragmentación que se traduce en niveis de xenerosidade bastante diferentes no relativo ás rendas mínimas de inserción, aínda que tamén no catálogo de prestacións cubertas pola sanidade pública, así como nas capacidades relativas de financiamento.

Anexo Sección I: O gasto publico en Europa por Funcións. A posición de España en Europa

GRAFICO 1: Gasto Público Total, 2022
% do PIB







Grafico 3: Clasificación Países en función do Gasto Público no PIB

GRAFICO 3. Gasto en vivienda, 2022
% do PIB




* provisional
Source: Eurostat (gov_10a_exp)

Grafico 4: Gasto en Sanidad, 2022 (% do PIB)



* provisional
Source: Eurostat (gov_10a_exp)


Graáfico 5: Gasto Publico en educación, 2022 (% of PIB)



* provisional

Source: Eurostat (gov_10a_exp)

**Gráfico 6: Gasto Público en protección Social, 2022
(% del PIB)**



* provisional

Source: Eurostat (gov_10a_exp)

Taboa 1: Resumen: Posición de España en UE en termos do esforzo na prestación de Servizos Públicos Fundamentais

	Social protection		Education		Health		Housing and community amenities
France*	23,8	Iceland	7,1	Austria	9,3	Italy	3,3
Finland	23,6	Sweden	6,3	Czechia	9,1	Cyprus	2,0
Italy	21,9	Belgium*	6,3	France*	9,1	Croatia	1,9
Austria	20,6	Estonia	5,8	Iceland	8,6	France*	1,2
Germany*	20,4	Slovenia	5,6	Germany*	8,5	Romania	1,2
Belgium*	20,3	Finland	5,6	Belgium*	8,1	euro area 20*	1,0
euro area 19*	20,1	Switzerland	5,5	Denmark	8,0	euro area 19*	1,0
euro area 20*	20,1	Denmark	5,3	euro area 19*	7,9	EU*	1,0
EU*	19,5	Latvia	5,3	euro area 20*	7,9	Bulgaria	0,9
Luxembourg	19,1	France*	5,2	EU*	7,7	Latvia	0,8
Greece	19,0	Cyprus	5,1	Croatia	7,7	Hungary	0,8
Denmark	18,9	Hungary	5,1	Slovenia	7,6	Sweden	0,7
Spain*	18,8	Netherlands	5,1	Netherlands	7,5	Czechia	0,7
Slovenia	17,6	Malta	5,0	Finland	7,4	Malta	0,6
Portugal*	17,5	Czechia	4,9	Portugal*	7,1	Norway	0,6
Sweden	17,5	Lithuania	4,9	Italy	7,1	Lithuania	0,6
Poland	16,9	Croatia	4,8	Spain*	6,9	Portugal*	0,5
Slovakia	15,6	Austria	4,8	Sweden	6,9	Iceland	0,5
Netherlands	15,5	Luxembourg	4,7	Norway	6,7	Poland	0,5
Norway	14,3	EU*	4,7	Slovakia	6,4	Ireland	0,5
Czechia	13,7	euro area 20*	4,6	Cyprus	6,2	Spain*	0,5
Lithuania	13,5	euro area 19*	4,6	Greece	6,0	Netherlands	0,5
Bulgaria	13,3	Poland	4,6	Estonia	6,0	Slovenia	0,5
Romania	13,3	Slovakia	4,5	Bulgaria	5,6	Slovakia	0,5
Latvia	13,2	Germany*	4,5	Malta	5,5	Germany*	0,5
Hungary	13,1	Spain*	4,4	Luxembourg	5,4	Luxembourg	0,5
Switzerland	12,9	Portugal*	4,3	Poland	5,3	Estonia	0,5
Croatia	12,9	Italy	4,1	Lithuania	5,2	Finland	0,4
Estonia	12,7	Norway	3,9	Ireland	4,9	Belgium*	0,4
Cyprus	11,8	Bulgaria	3,9	Romania	4,9	Austria	0,3
Iceland	11,1	Greece	3,8	Latvia	4,8	Greece	0,3
Malta	10,1	Romania	3,2	Hungary	4,4	Switzerland	0,2
Ireland	7,5	Ireland	2,7	Switzerland	2,3	Denmark	0,2

Source: Eurostat (gov_10a_exp)

II. Galicia no Contexto do Estado Español.

A continuación, presentamos os gastos das CCAA usando a clasificación das funcións das Administracións públicas (COFOG) para ter unha primeira aproximación do esforzo de cada rexión nas distintas dimensión do Estado do Benestar. A COFOG estrutura o gasto en varios niveis: un primeiro nivel, con 10 divisións de gasto (grupos funcionais); un segundo nivel, no que se desenvolve cada unha das divisións anteriores nun máximo de 9 grupos (subfuncións); e un terceiro nivel, no que se desagrega en clases cada un dos grupos anteriores, aínda que este nivel de desagregación non está adoptado en España. A COFOG divide o gasto en dez divisións de gasto, ou grupos funcionais: (01) Servizos públicos xerais (02) Defensa (03) Orde pública e seguridade (04) Asuntos económicos (05) Protección do ambiente (06) Vivenda e servizos comunitarios (07) Saúde (08) Ocio, cultura e relixión (09) Educación e (10) Protección social. Tradicionalmente, identifícase como gasto en Servizos Públicos Fundamentais (SPF) a suma dos gastos correspondentes ao grupos de funcións (07) Saúde, (09) Educación e (10) Protección social. Tamén se pode incluír o grupo (06) Vivenda e servizos comunitarios, pero non é tan común. O grupo de función (10) Protección social inclúe, á súa vez, varias funcións que engloban, ademais das pensións e as prestacións por desemprego, os servizos sociais esenciais, as políticas de emprego e unha parte das políticas de vivenda.

Neste traballo, entendemos por gasto social, o que se identifica directamente co Estado do Benestar, o conxunto dos grupos (06) Vivenda e servizos comunitarios, (07) Saúde, (09) Educación e parte da función (10) Protección social, esencialmente a que está transferida ás CCAA.


Os datos de información económico-financeira recollidos a continuación inclúen a totalidade dos recursos, e dos empregos deles, por parte das CCAA. Porén, é preciso considerar que entre as CCAA non existe homoxeneidade nin no relativo ás competencias de gastos ou de ingresos, nin respecto do seu financiamento, o que se debe ser tido en conta para unha correcta comparación entre elas. Dende o punto de vista dos gastos, non todas as CCAA dispoñen das mesmas competencias, motivo polo cal os gastos que levan a cabo non son comparables. Isto tamén incide nos ingresos que reciben, pois aquelas CCAA que dispoñen de maiores competencias tamén perciben maiores ingresos do Sistema de Financiación Autonómica para financiarlas. A ausencia de homoxeneidade na distribución das competencias que exercen inflúe particularmente na clasificación funcional dos empregos que fan dos seus recursos, especialmente á hora de comparar os pesos das distintas funcións entre CCAA que dispoñen de diferentes competencias de gasto.

A autonomía da que dispoñen as CCAA para exercer as súas funcións implica que os niveis e modalidades de prestación dos servizos educativos, sanitarios, sociais e de vivenda non teñen por que ser uniformes entre elas, correspondendo a cada goberno rexional a decisión de que

necesidades atender e como financiar os servizos. Non obstante, estas diferenzas de recursos públicos por habitante entran en conflito cos compromisos de solidariedade interterritorial da Constitución, segundo os cales os españois deberían ter similares oportunidades de acceso ós servizos públicos fundamentais con independencia do seu lugar de residencia.

Unha primeira fonte de diverxencia é que o papel da Administración non é homoxéneo nas divisións do gasto indicadas. En vivenda e servizos comunitarios a administración local asume o 63% do gasto e a rexional o 36%, O gasto en Saúde é xestionado nun 93% pola Administración rexional, algo mais que no caso da educación (o 91,4%). Por ultimo, na caso da Protección social a maior parte do gasto é xestionada pola Seguridade Social (sobre o 80%). A Administración central, principalmente a través das pensións das clases pasivas do Estado, xestionou o 10% deste gasto, mentres que o 6% do gasto débese ás comunidades autónomas e o 4% ás corporacións locais. Así, cando analizamos a participación das diferentes funcións no gasto en servizos públicos fundamentais das CCAA, a Sanidade e a Educación son as partidas principais, a moita distancia do resto de gastos.

Gráfico 8: Distribución do Gasto en SPF por grupo funcional



Fonte: Datos de LIQUIDACIÓN DE PRESUPUESTO. Ministerio de Hacienda.
<https://serviciostelematicosext.hacienda.gob.es/SGCIEF/PublicacionLiquidaciones.aspx/menuInicio.aspx>

En canto á distribución dos gastos por CCAA e funcións, as diferenzas son moi significativas en algúns dos conceptos. Repasamos a continuación as diferenzas por CC.AA nos diferentes conceptos de gasto indicando a posición de Galicia no conxunto. Sobre o total do gasto orzamentado en 2023, o gasto correspondente aos SPF en Galicia (que abrangue os 5 conceptos indicados) sitúase preto do 67% (a quinta CC.AA). Se eliminamos do total do gasto o correspondente á débeda pública¹, e sumamos as transferencias a outras administracións publicas,

¹ A función “débeda pública” con carácter xeral inclúe tanto os intereses da débeda como os importes destinados o pago de amortizacións do exercicio.

o peso dos SPF no “gasto público efectivo” vese incrementado de xeito considerable, modificándose a clasificación anterior (ver gráfico 9 e 10). Os cambios mais significativos prodúcese naquelas CC.AA que transfiren fondos a outras administracións publicas (Balears, Canarias e Navarra).²

Gráfico 9: Clasificación das CCAA en función do peso do Gasto en SPF





Gráfico 10: Clasificación das CCAA en función do peso do Gasto en SPF (sin pago Deuda e con Transferencias)



² No caso das Illes Balears os datos poden resultar incompletos sobre todo no caso dos Servizos Sociais debido as transferencias aos *Consell Insulares* no computadas en dita política social. O mesmo pode ocorrer no caso de Canarias e Navarra.

Os gráficos do 11–15 mostran o peso no PIB dos diferentes grupos de gasto relacionados co Estado de Benestar. En calquera das aproximacións, debemos ter en conta que na clasificación funcional do gasto, os conceptos integrados nas respectivas funcións en cada CC.AA pode incluír un contido heteroxéneo. En xeral, as diferencias son agora mais acusadas, mostrando diferenzas na prioridade de acción.

Gráfico 11: Clasificación das CCAA en función do peso do Gasto en Servizos Sociais




Gráfico 12: Clasificación das CCAA en función do peso do Gasto en Vivenda




Gráfico 13: Clasificación das CCAA en función do peso do Gasto en Fomento do Emprego




Gráfico 14: Clasificación das CCAA en función do peso do Gasto en Sanidade





Gráfico 15: Clasificación das CCAA en función do peso do Gasto en Educación



Por suposto, a distribución do gasto por funcións indica a relevancia de cada gasto no presuposto da CC.AA. Pero si queremos analizar de xeito comparativo ese esforzo, é preciso indicalo ben en relación ao PIB de cada CCAA, ben en termos *per cápita*.³

No relativo ao gasto por habitante en SPF (Táboa 2), en 2023 a diferenza entre a Comunidade con menor gasto (Madrid) e a que mais gasta (Navarra) supera os 1.500 euros. Galicia, á súa vez, está por riba da media estatal. Se comparamos a Táboa 2 co Gráfico 9 podemos comprobar que ter un elevado peso no orzamento da comunidade non asegura, por si só, un gasto *per cápita* elevado. Castela e León é a comunidade que dedica unha maior porcentaxe do seu orzamento a políticas sociais, pero ocupa a posición 6 en termos de gasto social por habitante. De xeito inverso, Navarra que é a segunda comunidade que mais gasta en termos *per cápita*, era a última en termos de peso no total de gasto. Na táboa inclúese o gasto en cada función en relación o valor medio nacional (valor nacional igual a 100% para cada función). Polo tanto, Galicia esta por riba da media nacional no gasto *per cápita* en Servizos Sociais, Sanidade e Fomento do Emprego, e por baixo, nas partidas de Educación e Vivenda. As diferenzas nos niveis de gasto por

³ Neste punto, débese valorar cal é a variable relevante, a poboación residente ou a poboación axustada. A poboación axustada é a resultante de corrixir a poboación residente por unha serie de factores demográficos e xeográficos, que se considera que afectan ao custo dos servizos. Trátase dun parámetro chave no sistema de financiación autonómica, xa que trata de aproximar as necesidades de gasto da poboación residente, basicamente en función do uso do recurso aproximado pola estrutura de idades desa poboación.

habitante están moi relacionadas cos seus recursos por habitante a disposición de cada Comunidade, partida que presenta unha disparidade substancial. Estas diferenzas son moito maiores que as diferenzas de necesidade *per cápita*. En todo caso, os datos mostran que as CCAA contan con distintas dotacións de recursos por usuario e cuestionan a igualdade de oportunidades dos cidadáns que viven en distintos territorios.

Taboa 2: ESFORZO AUTONOMICO EN SPF 2023 (GASTO PER CAPITA)

	SPF	SERV- SOCIALES	SANIDAD	EDUCACION	VIVENDA	FOMENTO EMPREGO
EXTREMADURA	4459,69	154,8%	127,6%	115,1%	177,3%	276,0%
NAVARRA	4441,18	194,3%	120,5%	129,9%	231,5%	82,4%
PVASCO	4418,68	111,1%	128,8%	141,4%	179,6%	150,0%
ASTURIAS	3941,78	139,2%	130,1%	91,8%	116,1%	127,0%
CANTABRIA	3833,66	120,5%	112,6%	112,9%	125,3%	141,8%
CYLEON	3722,56	115,9%	120,1%	98,7%	72,0%	124,6%
LA RIOJA	3582,04	129,2%	107,5%	105,5%	101,9%	63,4%
GALICIA	3508,84	104,7%	112,3%	95,7%	76,7%	115,7%
CLAMANCHA	3504,18	114,2%	106,0%	97,8%	149,3%	104,8%
ARAGON	3487,19	87,4%	115,3%	95,1%	100,3%	107,2%
C VALENCIANA	3429,35	109,9%	96,0%	113,2%	111,1%	81,4%
BALEARES	3387,95	77,6%	112,7%	95,3%	114,9%	86,0%
TCCAA	3329,94	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
CANARIAS	3280,45	77,2%	104,4%	95,1%	100,9%	117,5%
ANDALUCIA	3204,65	83,1%	97,2%	102,2%	77,4%	86,1%
CATALUÑA	3156,30	108,7%	90,0%	96,7%	84,1%	102,0%
MURCIA	3108,83	90,6%	91,6%	106,3%	44,3%	45,4%
MADRID	2680,29	80,2%	80,8%	79,4%	99,1%	76,0%

Fonte: Datos de LIQUIDACIÓN DE PRESUPUESTO. Ministerio de Hacienda.

<https://serviciostelematicosexh.hacienda.gob.es/SGCIEF/PublicacionLiquidaciones.aspx/menuInicio.aspx>

INE: Poboación da Comunidade Autónoma a 1 de xaneiro de 2023.

En relación ao principal epígrafe do gasto nos servizos públicos, o gasto sanitario, as diferenzas son moi apreciables, como pode observarse na Taboá 3. As diferenzas nos valores *per cápita* oscilan entre os 2.131 euros do Principado de Asturias (índice 130,1%) e os 1.324 de Madrid (índice 80,8%). Galicia sitúase no noveno lugar, con 1.840 euros *per cápita* (índice 112,3%). Pero as diferenzas non só existen a nivel cuantitativo. Como pode observarse na Taboá 4, existen diferenzas apreciables entre as CCAA no relativo á distribución económica do gasto e a distribución funcional. En calquera caso, debe entenderse que o desempeño dun sistema sanitario non dependerá soamente do gasto sanitario (cuantitativo) senón tamén de onde incide ese gasto (en que se gasta). Existen CCAA que dedican gran parte do seu gasto sanitario a financiar concertos con entidades privadas mentres que outras case non utilizan este recurso.

Tamén existen diferenzas apreciables entre o peso relativo da atención primaria e a atención hospitalaria. Destacar o reducido peso da atención primaria en Galicia, 11,8% do gasto Sanitario, cando Castilla e León dedica o 15,6% ou Andalucía o 17,0%.

Taboa 3: ESFORZO AUTONOMICO EN SANIDADE 2023

1 Asturias	2131,76
2 País Vasco	2111,18
3 Extremadura	2090,76
4 Navarra	1974,13
5 Castilla y León	1967,55
6 Aragón	1889,86
7 Balears, Illes	1846,20
8 Cantabria	1845,50
9 Galicia	1840,09
10 Rioja, La	1761,52
11 Castilla - La Mancha	1737,16
12 Canarias	1710,36
Total Nacional	1638,86
13 Andalucía	1592,97
14 Comunitat Valenciana	1573,15
15 Murcia	1501,74
16 Cataluña	1474,62
17 Madrid	1324,61

Táboa 4: Gasto sanitario público, xestionado polas CCAA, estrutura en porcentaxe segundo os principais elementos da clasificación económica e funcional do gasto sanitario

	Clasificación económica				Clasificación funcional			
	Remun. personal	Consumos intermedios	Conciertos	Otros	Serv. de atención especializ	Atención primaria	Farmacia	Otros
España	45,9	26,9	8,8	18,5	63,7	14,2	15,2	7,0
Andalucía	49,5	26,4	3,9	20,3	61,9	17,0	17,3	3,7
Aragón	53,5	25,6	3,7	17,2	64,3	13,4	14,8	7,5
Asturias	48,5	28,8	5,9	16,8	66,0	13,3	15,8	5,0
Balears, Illes	47,6	28,7	8,6	15,1	65,1	14,2	12,7	8,0
Canarias	51,7	23,0	7,1	18,1	62,7	14,8	16,0	6,6
Cantabria	47,8	31,7	3,0	17,5	62,3	14,5	15,7	7,5
Castilla y León	49,6	27,5	2,8	20,1	59,7	15,6	16,7	8,1
Castilla-Mancha	48,8	25,2	5,0	21,0	57,5	15,9	16,2	10,5
Cataluña	37,1	23,1	23,3	16,5	64,9	13,7	12,1	9,3
C. Valenciana	40,9	35,0	3,9	20,2	62,0	14,3	17,2	6,6
Extremadura	49,2	25,5	4,2	21,1	57,7	15,0	18,5	8,8
Galicia	44,3	29,5	4,6	21,7	64,3	11,8	17,4	6,5
Madrid	44,1	27,7	11,2	16,9	69,4	11,0	14,4	5,2
Murcia	49,5	26,6	5,5	18,4	62,1	13,8	15,1	9,0
Navarra	52,5	24,7	6,7	16,1	63,6	15,6	11,8	9,1
País Vasco	53,7	24,6	6,1	15,6	65,7	13,9	11,7	8,7
Rioja, La	49,8	27,7	5,6	16,9	63,1	15,4	15,2	6,3

Outro cociente relevante para cuantificar o esforzo no gasto en SPF acometido por cada CA é relacionar ese gasto co PIB. Neste caso, a situación sería a indicada na Táboa 5. Galicia sitúase no posto décimo no total do Gasto en SPF, no gasto en Servicos Sociais é a novena, en gasto sanitario é a sétima, en educación é a décima, e, por último, en vivenda é a décimo terceira.

TABOA 5: GASTO PÚBLICO SOCIAL (POR FUNCIÓN) EN RELACIÓN O PIB DA CC.AA.					
	SPF	SERV.SOCIAIS	SANIDADE	EDUCACION	VIVENDA
EXTREMADURA	18,5%	2,9%	9,8%	5,8%	0,6%
CLAMANCHA	14,5%	2,1%	7,7%	4,7%	0,5%
ANDALUCIA	14,4%	1,6%	7,6%	5,3%	0,3%
ASTURIAS	14,4%	2,2%	8,3%	3,9%	0,3%
CANARIAS	13,8%	1,4%	7,7%	4,6%	0,3%
CANTABRIA	13,6%	1,9%	7,1%	4,7%	0,3%
C VALENCIANA	13,4%	1,8%	6,5%	5,0%	0,3%
MURCIA	13,1%	1,6%	6,5%	5,0%	0,1%
CYLEON	13,0%	1,7%	7,3%	4,0%	0,2%
GALICIA	12,7%	1,6%	7,1%	4,0%	0,2%
NAVARRA	12,4%	2,3%	5,9%	4,2%	0,5%
LA RIOJA	11,6%	1,8%	6,0%	3,9%	0,2%
PVASCO	11,4%	1,3%	5,9%	4,3%	0,4%
BALEARES	10,9%	1,1%	6,3%	3,5%	0,3%
ARAGON	10,5%	1,1%	6,1%	3,3%	0,2%
CATALUÑA	9,2%	1,4%	4,6%	3,2%	0,2%
MADRID	6,6%	0,9%	3,5%	2,2%	0,2%

Fonte: Datos de LIQUIDACIÓN DE PRESUPUESTO. Ministerio de Hacienda.

<https://serviciostelematicosext.hacienda.gob.es/SGCIEF/PublicacionLiquidaciones/aspx/menuInicio.aspx>

PIB: INE, Contabilidad Regional de España - Revisión Estadística 2019. Ano 2022.

III. Os retos futuros do estado do Benestar

As sociedades europeas atópanse inmersas nun proceso de cambio, acelerado e multidimensional, con efectos incertos sobre o benestar das súas poboacións nun futuro próximo. A galega, por suposto, non é unha excepción. Ás mudanzas nas pautas e patróns de crecemento motivadas pola Gran Recesión de 2008 e, á súa vez, aceleradas nos anos posteriores á pandemia da COVID-19, engádenselle outras de máis longa maduración, como a gradual terciarización dunhas estruturas produtivas nas cales a industria xogará un papel progresivamente menor; a incorporación crecente e sostida das mulleres á actividade laboral, o cal implica tanto unha reconfiguración das pauta reprodutivas no seo dos fogares galegos, como unha serie de novos retos para os sistemas públicos de protección social; a transformación dos sistemas de provisión enerxética cara a un maior peso das fontes de enerxía renovábeis, o cal imporá novas restricións tanto nos perfís temporais das actividades económicas como na localización territorial da súa demanda; ou a consolidación e diseminación das novas tecnoloxías da información, as cales non só permitirán distintos patróns de sociabilidade senón, tamén, novos patróns de ocupación territorial vencellados tanto ás actividades produtivas dos seus habitantes como aos seus patróns de consumo. Galicia será necesariamente un actor nestes múltiples procesos, así como receptora de múltiples influencias derivadas delas. Con respecto a estas transformacións, é preciso adiantármolos e deseñar políticas públicas que permitan minimizar os impacto negativo que as primeiras poidan ter.

Aínda que as diagnoses que sinalan que o Estado de Benestar está en crise ante as transformacións do seu entorno non son novas, os riscos aos cales se enfronta son particulares de cada época e lugar. Ao noso parecer, estas múltiples transformacións concrétanse en tres grandes retos para o estado do benestar galego: Os retos que a transición demográfica supoñen para a sostibilidade do sistema no seu conxunto nun contexto de menor dinamismo económico; a emerxencia de novas vulnerabilidades sociais, singularmente relativas aos ámbitos laboral e reprodutivo; e, finalmente, os retos que impón a inevitable transición enerxética cara a fontes renovables.

Reto I. Transición Demográfica e Estancamento Secular.

A aparición dos modernos Estados do Benestar en Europa occidental a mediados do Século XX tivo lugar en sociedades caracterizadas por dous trazos esenciais: por unha banda, un sostido crecemento da actividade económica e, por outra, unhas estruturas poboacionais nas cales a poboación adulta en idade de traballar era predominante. Ambos elementos víronse gradualmente atenuados ao longo das últimas décadas, unha tendencia que previsiblemente se verá acentuada nun futuro próximo.

Recentemente, un número amplo de estudos teñen advertido de que as economías occidentais están a entrar nunha etapa de ‘estancamento secular’, caracterizada pola

consolidación de taxas de crecemento económico minguantes, e mesmo nulas, nas décadas vindeiras (Summers, 2018). Ademais, máis alá dunha suposta imposibilidade de manter os niveis de crecemento económico do pasado, numerosas voces teñen denunciado que, perante a crise climática que confrontamos, o crecemento económico non sería sequer *desexable*. Porén, dende a perspectiva do futuro do Estado de benestar, un contexto de elevado e sostido crecemento económico ten xogado historicamente un papel chave na constitución dos ‘círculos virtuosos’ que promoveron o ulterior desenvolvemento e expansión do Estado de benestar, ao fornecer dos recursos precisos para expandir a cobertura e calidade dos seus servizos sen isto dar lugar conflitos distributivos (Jackson, 2019).

Por unha banda, unha desaceleración e/ou interrupción xeneralizada do crecemento económico implicará, entre outras cousas, unha redución dos ingresos tributarios cos que financiar o Estado de benestar, o cal entrañará, á súa vez, unha menor capacidade para prestar servizos públicos e distribuír transferencias monetarias. No caso de isto suceder, a papel que xogue a provisión privatizada dos servizos que hoxe son parte do Estado de benestar seguramente tenderá a incrementar as desigualdades sociais por mor da súa desigual incidencia na poboación, o cal, á súa vez, tenderá a incrementar as situacións individuais de vulnerabilidade que os minguantes recursos do Estado de benestar terán que combater (Corlet Walker et al., 2021).

Por outra banda, unha diminución do crecemento económico fará que os conflitos distributivos sobre o financiamento do Estado de benestar adquiran unha maior relevancia e intensidade, especialmente porque os custos asociados a manter os programas actuais vai necesariamente crecer a causa do máis que seguro envellecemento demográfico. A causa da maior esperanza de vida e das moi baixas taxas de fertilidade actuais, a proporción da poboación dependente sobre a total vaise incrementar notablemente, o cal, á súa vez, terá un impacto directo sobre os programas financiados mediante contribucións correntes e principalmente encamiñados ás persoas avellentadas: nomeadamente o sistema de pensións, máis tamén, aínda que en menor medida, o sistema público de saúde e o sistema de provisión de coidados de longa duración (Meier e Werding, 2010).

Finalmente, o reto ao cal se enfronta o Estado de benestar galego nun futuro próximo (así como os da súa contorna) non está cinguido a un posible escenario futuro caracterizado polo limitado crecemento económico, por unha banda, e polo incremento na demanda dos servizos e coberturas do Estado de benestar a causa do envellecemento xeneralizado da poboación, por outra. Aínda en ausencia de ambos factores, o Estado de benestar galego estaría suxeito a dificultades a causa da chamada 'enfermidade dos custos de Baumol', que fai que a provisión de servizos sexa gradualmente máis cara en relación ás outras actividades económicas (Baumol, 1967). Tendo en conta que a inmensa maioría das actividades do Estado de benestar consisten na prestación de servizos, o fenómeno fai referencia a que, aínda no improbable caso de que a demanda se manteña estable, os custos relativos da prestación de servizos crecerán co tempo (Esping-Andersen, 2002).

Ao contrario do caso da industria, onde o incremento progresivo da produtividade do traballo trae consigo un abaratamento progresivo dos custos dos seus produtos, eses incrementos sostidos na produtividade, as máis das veces, simplemente non son posibles no caso dos servizos a causa das súas características intrínsecas: chegado un determinado nivel, unha profesora dificilmente poderá facer que as súas alumnas adquiran máis coñecementos; unha médico dificilmente poderá curar mais pacientes; ou unha coidadora coidar máis persoas dependentes; sen que a calidade do servizo se resinta considerablemente.

En resumo, a previsible evolución de demográfica da sociedade galega traerá consigo un *incremento da demanda* dos servizos prestados polo Estado de benestar; a singular natureza dos seus elementos implicará un *crecente custo* dos servizos que terá que prestar, en relación ao resto de actividades económicas; e a evolución a longo prazo da súa economía (así como aquelas do seu entorno) fai prever *un menor espazo* fiscal para confrontar as anteriores.

Reto II. Novas Vulnerabilidades: Precariedade, Coidados e Vivenda.

O deseño inicial dos Estados de Benestar occidentais no século XX respondía a unha determinada conxuntura socioeconómica, e aos riscos sociais específicos que dela se derivaban. Concretamente, tal proceso ocorreu no contexto dunha forza de traballo asalariada eminentemente masculina, quen desfrutaban de traxectorias laborais relativamente estables e protexidas, mentres que as flutuacións nos niveis agregados de emprego recaían principalmente nas mulleres e nos traballadores novos. Porén, este contexto non será o que vexamos nas vindeiras décadas. O mercado laboral galego verase afectado pola intensificación de dinámicas, xa en curso, que demandarán unha acción concertada e novidosa por parte das políticas públicas de cara a corrixir as desigualdades sociais que delas emerxerán.

Nun futuro próximo, a necesaria transición ecolóxica, así como a incorporación gradual das novas tecnoloxías da información, afectarán ao comportamento do emprego máis alá das flutuacións ligadas á propia evolución cíclica da economía. O sistema produtivo galego verase afectado probablemente por tensións localizadas en determinados sectores de actividade, así como en grupos de traballadores con habilidades e competencias específicas. Será preciso, entón, desenvolver un conxunto de intervencións que maximicen as posibilidades de adquirir as competencias e habilidades que o novo entorno produtivo demande, á vez que preste adecuada protección a todos aqueles traballadores que non poidan acometer tal transición na parte restante da súa vida laboral (Coote, 2022).

A arquitectura institucional do sistema de coidados público galego, así como o do Estado español no seu conxunto, foi deseñada baixo unha hipótese fundamental, aínda que rara vez feita explícita: a provisión de coidados nos fogares era un feito privatizado, para o cal se asumía que sempre habería, en cada fogar, unha persoa (feminina) disposta e capaz de prestalos. No caso de habela, presupoñíase implicitamente que a participación laboral feminina era subsidiaria e

complementaria á dos homes, e que sempre podería ser abandonada no caso de que as necesidades de coidados no fogar así o requiriran. O Estado de benestar galego nos seus albores encaixaba, así, perfectamente no que na literatura especializada se deron en chamar Estados de benestar 'implicitamente familialistas' (Leitner, 2003). Porén, unha das mudanzas máis significativas do mercado laboral galego nas últimas dúas décadas, e que non ten viso algún de ser revertida, é a masiva incorporación das mulleres galegas á actividade laboral. Isto torna en aínda máis urxente o desenvolvemento e reforzo dun sistema público de provisión de coidados que garanta que todas as necesidades sociais sexan debidamente cubertas, independentemente da situación familiar de cada individuo (Gálvez, 2016). A multiplicación de tipos de fogares afastados do ideal normativo da parella nuclear heterosexual multiplica á súa vez as situacións de vulnerabilidade tanto para os receptores de coidados (que poden non ter quen llelos preste) como para os provedores dos mesmos (que poden verse na obriga de renunciar á participación laboral na súa totalidade).

As dificultades, derivadas do anterior, para levar a cabo satisfactoriamente os requirimentos reprodutivos de calquera fogar víronse agravados recentemente pola nova situación de acceso á vivenda. Dende a crise de 2008, a construción de vivenda nova en Galicia ten sido limitada, e a evolución dos prezos medios da vivenda en réxime de arrendamento ten aumentado a taxas moi superiores aos incrementos experimentados ben polos salarios medios, ben polo IPC, especialmente nos espazos urbanos. A ausencia de transformacións significativas nestes eidos obrigará ás familias a adoptar estratexias de adaptación eminentemente individualizadas, como o pospoñer a conformación de novos fogares e/ou un mantemento das taxas de fertilidade actuais, xa tremendamente baixas no noso entorno. Unha maior envellecemento da poboación galega no seu conxunto será unhas das súas necesarias consecuencias, o cal repercutiría negativamente nas dinámicas xa sinaladas no apartado precedente.

Reto III. A Inevitable Transición Ecolóxica.

Tradicionalmente, a noción de sustentabilidade, no marco dos estudos sobre o Estado de benestar, cinguíase ao necesario equilibrio entre ingresos e gasto correntes. Porén, nos últimos anos, a crise climática en curso tornou á sustentabilidade ecolóxica nunha preocupación de primeira orde e máxima urxencia. Ambas dimensións, porén, atópanse intimamente relacionadas. Non só os efectos derivados do cambio climático terán efectos negativos sobre o crecemento económico, senón que as medidas que sexa preciso adoptar para mitigar os seus efectos terán un impacto directo sobre sectores e grupos de poboación específicos. Á súa vez, os efectos negativos sobre o crecemento económico e as novas necesidades sociais derivadas da loita contra o mesmo subtraeran recursos susceptibles de seren empregados en outras cuestións. Por tanto, a loita contra o cambio climático ten unha dimensión distributiva ineludible. Nun contexto de obrigada transición ecolóxica, os múltiples campos de acción do Estado de benestar terán sempre que ter un dobre obxectivo, atendendo simultaneamente ás dimensións social e ecolóxica,

respectivamente. Os ámbitos de actuación a disposición das autoridades públicas neste eido son múltiples.

Por unha banda, o propio sector público deberá liderar a transición enerxética reducindo o impacto ambiental da súa actividade produtiva, facendo uso de fontes enerxéticas renovables, mellorando a eficiencia enerxética das súas instalacións, e establecendo uns requisitos medioambientais mínimos de obrigado cumprimento para os seus provedores (Hirvilammi et al., 2023). Relacionado co anterior, será preciso facer uso tamén dunha "tributación verde" que promova a transición enerxética no sector privado de forma acelerada, ben mediante a adopción de impostos específicos que aliñen os incentivos individuais e privados cos custos sociais efectivos, ben mediante o tratamento fiscal favorable, a través de transferencias monetarias e/ou exencións fiscais, a aqueles actores que demostren un compromiso efectivo coa redución do impacto ambiental das súas respectivas actividades (Mastini et al., 2021).

Por outra banda, será preciso dirixir a súa acción cara a aqueles ámbitos de actividade que teñan tanto un maior impacto social no relativo á satisfacción de necesidades humanas básicas como un menor impacto ambiental. Neste sentido, a ampliación e reforzo de servizos xa existentes como a provisión de servizos básicos e de coidados ou a promoción activa do transporte público, emerxen naturalmente como ámbitos privilexiados de actuación. A maiores de afondar nas áreas xa existentes en liña cos requisitos impostos pola transición ecolóxica e coas novas necesidades sociais que desta última se deriven, será igualmente preciso poñer en marcha medidas innovadoras que permitan intervir simultaneamente nos múltiples retos que temos sinalado. A redución da xornada laboral, por exemplo, ten sido probada como unha medida de especial interese, pois tería efectos positivos sobre o crecemento económico, ao favorecer o incremento da produtividade laboral; sobre a cohesión social, ao distribuír máis equitativamente ás horas dedicadas ao traballo asalariado; e sobre a sustentabilidade ambiental, ao reducir a pegada ecolóxica da actividade produtiva e interrompendo o reforzamento mutuo entre maior produción, maior consumo, e maior requirimento de materiais e enerxía (Pullinger, 2014).

En resumo, a acción pública neste eido terá que ser quen de navegar a tensión existente entre, por unha banda, a dependencia do crecemento económico da expansión do Estado do benestar e, por outra, a necesidade de limitalo selectivamente para poder cumprir cos obxectivos climáticos; terá que atenuar os efectos negativos sobre grupos concretos ligados á transición ecolóxica, ao mesmo tempo que promova a reconversión laboral cara os novos sectores que esta última demande; e, finalmente, terá que promover a consolidación de amplas coalicións sociais en favor da transición ecolóxica, incentivando sectores de actividade concretos ao tempo que non deixe a ninguén atrás.

En resumo, o que aquí presentamos como tres retos analiticamente separados, son en realidade diferentes caras dunha mesma conxuntura histórica. O seu carácter integrado fai que atallar cada

un deles ten condicións de posibilidade na loita contra os outros. Por exemplo, unha intensificación da crise climática terá efectos negativos inmediatos sobre o crecemento económico, o que limitará as capacidades de gasto social, derivando nunha maior desigualdade social o que, á súa vez, constituirá unha barreira á adopción de políticas que mitiguen a crise climática. Ou, alternativamente, a ausencia de medidas que favorezan o acceso á vivenda ou a conciliación familiar terá como consecuencia unha diminución aínda maior dos niveis de fertilidade, o cal incrementará a presión demográfica sobre as contas públicas, limitando desta forma a capacidade de acción sobre a crise climática ou sobre a conciliación laboral mesma.

IV. A vivenda no marco do Estado de Benestar.

No marco do Estado do Benestar referido nas páxinas anteriores, a accesibilidade á vivenda foi unha das políticas fundamentais dentro deste desenvolvemento do Estado do Benestar, tanto a nivel europeo como a nivel español. Concretamente no caso español, a política de vivenda xirou arredor dunha dobre visión dende comezos do século XX ata a actualidade: Por unha banda, o desenvolvemento de políticas de vivenda social de axuda aos menos afortunados, cun marcado cariz asistencial (a diferenza doutros países europeos, colectivos sociais de todas as condicións poden acceder á vivenda social) e, por outra banda, unha visión liberal da vivenda como factor de enriquecemento das familias, preponderante dende o tardofranquismo, inspirada no modelo anglosaxón.

No que segue analízase o dobre papel que xogou a vivenda en España como consecuencia das políticas desenvolvidas no marco do Estado do benestar, por unha banda, e como mecanismo de enriquecemento colectivo, pola outra, en tres grandes etapas históricas. Finalmente, abórdase en detalle a situación da vivenda na Galicia de hoxe en día.

4.1. A función social da vivienda na España de comezos do século XX.

As diferentes manifestacións de vivendas deficientes (por exemplo, chabolas) que historicamente acompañaron as migracións do rural ao urbano sempre foron unha preocupación dos distintos réximes políticos desde principios do século XX. De feito, acabar con esta infravivenda é un dos piares básico –e dos máis simbólicos– do Estado do benestar. En España, foi o réxime da Restauración, influenciado polas primeiras políticas do Estado do Benestar desenvolvidas na Alemaña do Chanceler Otto von Bismarck, quen desenvolveu as primeiras políticas do Estado do Benestar relacionadas coa vivenda en España (González, 2008). Estas políticas artículanse en torno a dous eixos principais.

En primeiro lugar, as sucesivas leis de Casas Baratas, promulgadas en 1911 e 1921, facilitaron a construción de vivendas de baixo custo mediante a colaboración entre o sector

público e o privado, e ofrecían incentivos fiscais ás empresas que desenvolvesen este tipo de proxectos. Estes proxectos de "casa barata" xurdiron nun contexto de crise inmobiliaria nas grandes cidades de España, como Madrid, Barcelona e Bilbao. No caso galego, algúns exemplos paradigmáticos de barrios con vivendas baratas son As Rañas na Coruña, Recimil en Ferrol, ou O Calvario en Vigo.

En segundo lugar, as leis de arrendamento urbano da época establecían un control estrito dos prezos do aluguer (o que se deu en chamar a *renda antiga*). A lei de arrendamentos urbanos de 1920 concedeu por primeira vez ao arrendatario a opción de prorrogar o contrato sen aumentar o prezo do aluguer, cunha vixencia inicial de 18 meses (Arruñada, 2022). Durante o réxime de Primo de Rivera e a II República, afondouse na lexislación que favorecía a conxelación da renda.

4.2. A vivenda social na España Franquista. Da autarquía falanxista á liberalización tecnócrata.

A pesar dos cambios políticos radicais que supuxo o Franquismo, no ámbito da política de vivenda houbo unha clara continuidade cos réximes anteriores. Non en balde, boa parte dos políticos de alto nivel e dos ministros dos primeiros gobernos franquistas procedían da Falanxe Española e, polo tanto, tiñan unha visión do “social” que botaba man dos fascismos europeos dos anos trinta. En todo caso, a política de desenvolvemento de vivendas baratas mantívose en pé durante o franquismo. Non só iso, pois a través da creación do Instituto Nacional da Vivenda produciuse unha ampliación e consolidación das políticas de fomento da renda antiga. En efecto, a política de conxelación das subas de prezos, herdada de épocas anteriores, prolongouse *sine die* durante o Franquismo (Carbajal, 2003). En Galicia, os novos barrios xurdidos das migracións do rural cara ás zonas urbanas, como os da Choupana, en Santiago, concentraron vivendas con aluguer limitado (Lanero Táboas, 2020).

Aínda así, a pesar do anterior, dende finais dos anos 50 ata o final do Franquismo tivo lugar un xiro copernicano tanto no relativo ao modelo produtivo do país, como na distribución da poboación e mesmo na orientación principal da política de vivenda (López e Rodríguez, 2010). O gran crecemento económico derivado da industrialización e da especialización turística do país provocou unha gran explosión de cidades e unha gran proliferación dos barrios consistentes primordialmente en chabolas, os cales rodearon as grandes cidades e especialmente Barcelona, Bilbao e Madrid, como principais polos industriais.

Ante a imposibilidade de que as promocións de vivendas baratas e os antigos réximes de aluguer puideran solucionar definitivamente a “cuestión da vivenda”, a solución tecnocrática adoptada polo réxime consistiu en facilitar a promoción da vivenda libre, así como o réxime da propiedade, como vía para acabar coa infravivenda. Este xiro político resúmese na coñecida sentenza do Ministro de Vivenda da época, José Luis Arrese, quen afirmou que "queremos un país de propietarios, non de proletarios".

Segundo López e Rodríguez (2010), a política de vivenda do tardofranquismo fundamentouse en dous piares. En primeiro lugar, na continuación das políticas anteriores de vivenda protexida, unha vía rápida para crear emprego, manter ocupadas ás grandes bolsas de poboación chegadas do rural, e favorecer a aparición de promotores privados. En segundo lugar, a orientación da vivenda protexida, e da vivenda en xeral, ao réxime de propiedade, a partir dunha serie de incentivos fiscais como foron as deducións fiscais e, en xeral, a facilidade do acceso ao crédito. Como consecuencia desta política, produciuse un aumento da vivenda en propiedade e unha diminución da vivenda en aluguer. Así, o parque de vivendas de aluguer caeu do 70% en 1900 a preto dun 30-40% en 1970 (López e Rodríguez, 2010).

Dende a segunda metade do franquismo o que vemos é que non só se construíron vivendas para facilitar que o conxunto dos traballadores tivera un lugar onde vivir, senón que a construción e venda de vivendas se converteu nun piar económico en si mesmo. Consólidase así unha visión da vivenda non centrada nesa visión social, senón máis ben no enriquecemento colectivo.

4.3. Vivenda e Estado de Benestar trala Transición.

Esta visión liberal da vivenda implantada durante o tardofranquismo consolidouse durante a democracia. Non só se consolidou a visión da vivenda como factor de enriquecemento dos propietarios da clase media, senón que tamén se desmantelou a visión social da vivenda herdada dos principios do século XX. De feito, a política de vivenda desde a implantación do réxime político en 1978 seguiu dous patróns orientadores.

En primeiro lugar, un desmantelamento das políticas de benestar mediante decretos, ou mediante transferencias de competencias ás autonomías. Particularmente significativo neste eido foi o Decreto Boyer de 1985 o cal, co obxectivo de liberalizar o mercado do aluguer, puxo fin ao aluguer de *renda antiga*. Tamén remataron os incentivos que existían para o aluguer de vivendas, aínda que se mantiveron os descontos na compra da primeira vivenda.

En segundo lugar, a construción de vivendas converteuse no centro da economía española, sobre todo despois da entrada de España na Unión Europea en 1986. En efecto, xorde un sector florecente, o da construción e promoción de vivenda, moi ligada aos mercados do solo, ás caixas de aforro e, na España autonómica, moi vencellado ao poder político. Configúrase un círculo vicioso onde as caixas de aforros darán préstamos tanto aos promotores como ás familias para que compren vivenda, á vez que se incrementa a comercialización do solo que orbita en torno ás reclasificacións do rústico ao urbanizable (López e Rodríguez, 2010). Este aparente círculo virtuoso consolidouse con dispositivos lexislativos que facilitaron a reclasificación do solo como urbanizable, como a chamada Lei do Solo de 1998 (López e Rodríguez, 2010).

Esta visión liberal da vivenda desprazou por completo a visión social e asistencia da vivenda. Ata 2008, o acceso á vivenda serviu para que todos os estratos da poboación fosen propietarios e, a curto prazo, se enriquecesen coa constante revalorización da vivenda.

Paradoxalmente, foi coa democracia cando se desmontou a política de vivenda social, esquecéndose o tema da vivenda como elemento clave na formación do Estado do benestar. Por que? Porque a vivenda non foi vista como un reto, senón, ata 2008, como un mecanismo para enriquecer a sociedade no seu conxunto.

A partir de 2008, con todo, produciuse unha devaluación dos prezos da vivenda, o que, unido á incapacidade de pagar as hipotecas por gran parte da poboación propietaria, levou á pobreza a amplas capas da poboación. Este novo papel da vivenda como factor xerador de pobreza exacerbase cando, coa revalorización do mercado inmobiliario a finais da década de 2010, se produciu unha crise de impago no mercado de aluguer que prolongou a crise dos desafiuzamentos. Todo isto sucede nun contexto no que hai máis vivendas baleiras que nunca na historia de España, e unha partición social da clase media. Mentres que, para as capas da poboación non propietarias, o acceso á vivenda é tremendamente difícil e é un factor que conduce á pobreza, para a parte da poboación multi-propietaria, de xeito inverso, a vivenda é un factor de enriquecemento. Nun mercado que na maior parte de España aumenta os prezos, o feito de poder subir libremente os prezos –ben de aluguer ou de venda– facilita moito aos propietarios o aumento da súa riqueza a través da vivenda.

4.4 A Situación da Vivenda na Galicia de hoxe.

A política de vivenda en Galicia seguiu un patrón similar ao do conxunto do Estado: a transferencia da política de vivenda ao ente autonómico non consolidou unhas políticas de vivenda social. A Lei 2/2016 do solo de Galicia establece reservas de solo para vivendas sometidas a algún réxime de protección pública que incluírán, como mínimo, os terreos necesarios para a realización do 30 % da edificabilidade residencial prevista polo planeamento urbanístico no solo urbanizable e no solo urbano non consolidade. Por outra banda, a Lei de Vivenda de Galicia de 2012 establece as disposicións legais necesarias para a construción de vivendas de protección oficial.

A pesar da existencia destes dispositivos legais de protección da vivenda na comunidade autónoma, a realidade é que, a partir do ano 2008, produciuse unha redución das vivendas protexidas construídas en Galicia. Antes de 2008 construíanse en Galicia unhas 2.000 vivendas protexidas ao ano. Despois da crise de 2008 esta cantidade reduciuse moi considerablemente, chegando na actualidade a arredor de 100-200 vivendas protexidas construídas anualmente en Galicia (Ministerio de Fomento, 2024). Arredor do 10% das vivendas vendidas en Galicia ten algún réxime de protección.

Tendo unha visión de conxunto, vemos que, en Galicia, os prezos de compra e aluguer mantivéronse estables nos últimos anos. Aínda que isto é certo para todo o territorio, non houbo estabilidade nos prezos no caso da Galicia urbana articulada arredor do Eixo Atlántico. Os datos do portal Idealista (2024) amosan un aumento dos prezos nas principais cidades galegas. A modo

de exemplo, na última década o prezo do aluguer aumentou na Coruña de 6,5€/m² a 10€/m². No mesmo período, o prezo de compra pasou de 1.900 €/m² a 2.600 €/m². Do mesmo xeito, na última década produciuse un incremento dos prezos de compravenda en Santiago de Compostela de 1.700 a 2.000 €/m²; e o prezo medio do aluguer pasou de 6 a 10 euros/m². En Vigo, o prezo da vivenda tamén pasou de 6,5€ a 10€/m²; e o prezo de compra de 1700 a 2200 €/m².

Porén, a revalorización da vivenda que se produciu na última década non está a xerar o "efecto riqueza" para todos os estratos da poboación como o que se produciu antes de 2008. Daquela, o enriquecemento patrimonial baseábase en terreos novos, unha nova vivenda construída que se revalorizaba e podería venderse por un prezo máis elevado. Agora, a maioría das vivendas que se venden e alugan non son vivendas novas, senón vivendas xa construídas e, polo xeral, xa habitadas. Isto significa que a clase media está máis dividida que nunca: o efecto riqueza dunha clase propietaria e rendista baséase no empobrecemento doutra parte da clase media, que tenta acceder á vivenda e ten que destinar a maior parte dos seus ingresos a tal efecto. Esta situación de polarización social fai urxente retornar a unha política que poña a vivenda no centro das accións asistenciais tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

Desde 2023 existe unha lei de vivenda a nivel estatal que permite controlar os prezos do aluguer se nos últimos 5 anos estes subiron máis que o IPC, e se o esforzo por alugar unha vivenda supón máis do 30% do nivel salarial, no que se denominou a declaración de “zonas tensionadas”. En todo caso, son as Comunidades Autónomas as que teñen a facultade de declarar ou non as “zonas tensionadas”. A partir de 2024, só a comunidade autónoma de Cataluña empregou este mecanismo. Este mesmo ano 2024, a Xunta de Galicia anunciou a construción de 20.000 inmobles protexidos para paliar os problemas de acceso á vivenda (Xunta de Galicia, 2024).

Sen menoscabar a idoneidade da construción de novas vivendas protexidas, existen unha serie de medidas activas de xestión da oferta que tamén son necesarias para facilitar o acceso á vivenda en Galicia. En primeiro lugar, a declaración de “zonas tensionadas” naquelas cidades que cumpran con creces os criterios para ser declaradas como tales (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo ou Pontevedra, entre outras cidades). Esta póliza debe ir acompañada de incentivos fiscais para aqueles propietarios que aluguen vivendas nestas “zonas tensionadas”, así como cargas fiscais adicionais ao IBI e IRPF para aqueles propietarios que decidan manter a súa vivenda baleira (ou non como residencia principal), nas mesmas. Estas políticas deben ir acompañadas dunha moratoria nas promocións de vivendas de luxo nestas zonas, e medidas eficaces para prohibir o aluguer turístico en centros históricos e/ou en vivendas plurifamiliares nas mesmas. Se estas medidas van acompañadas dunha aplicación efectiva da lei do solo de Galicia, que xa di que o 25%, o 30% das novas vivendas son para algún tipo de protección, poderá comezar a revertirse a escalada de prezos nas grandes áreas urbanas galegas.

V. Obras Citadas.

- Armington, K. y Bonoli, G. (eds.) (2006) *The politics of post-industrial welfare states: adapting post-war social policies to new social risks*, Routledge.
- Arruñada, B. (2022). Comentario a las nuevas regulaciones del alquiler. *Fedea, Colecciones Apuntes*. *Apuntes 2022/12*. Accesíbel en: <https://documentos.fedea.net/pubs/ap/2022/ap2022-12.pdf> [Último acceso 20/22/2024]
- Baumol, W. J. (1967). Macroeconomics of unbalanced growth: the anatomy of urban crisis. *The American Economic Review*, 57(3), 415–426.
- Buendía, L. (2011) *Dinámica de crecimiento, distribución de la renta y movimiento obrero: el estado de bienestar sueco en una perspectiva de largo plazo*. Tesis doctoral, Universidad Complutense de Madrid.
- Carroll, Eero (1999) *Emergence and structuring of social insurance institutions: comparative studies on social policy and unemployment insurance*. Stockholm: Swedish Institute for Social Research [Institutet för social forskning].
- Carbajal, A. F. (2003). La política de vivienda en España durante el franquismo. *Ciudad y Territorio Estudios Territoriales*, 138, 639-654.
- Coote, A. (2022). Towards a sustainable welfare state: the role of universal basic services. *Social Policy and Society*, 21(3), 473–483.
- Corlet Walker, C., Druckman, A., & Jackson, T. (2021). Welfare systems without economic growth: A review of the challenges and next steps for the field. *Ecological Economics*, 186, 107066.
- Esping-Andersen, G. (1993) [1990] *Los tres mundos del estado del bienestar*, Alfons el Magnanim.
- Esping-Andersen, G. (2002). *Why we need a new welfare state*. Oxford University Press.
- Ferrera, M. (1996) The “Southern” Model of Welfare in Social Europe. *Journal of European Social Policy*, 6 (1): 17-37.
- Gálvez, L. (Ed.). (2016). *La Economía de Cuidados*. Deculturas.
- González, L. A (2008). Las “Casas Baratas”(1911-1937), primer gran ensayo de vivienda social en España. En Rivera Echegaray C.S e Sánchez Lampreave, R (Eds). *100 años de historia de la intervención pública en la vivienda y la ciudad*. Asociación española de promotores públicos de vivienda y suelo AVS, 25–41.
- Hirvilammi, T., Peltomaa, J., Pihlajamaa, M., & Tiilikainen, S. (2023). Towards an eco-welfare state: Enabling factors for transformative eco-social initiatives. *European Journal of Social Security*, 25 (4), 445–463.
- Idealista (2024). *Evolución del precio de la vivienda en venta en España*. Accesíbel en: <https://www.idealista.com/sala-de-prensa/informes-precio-vivienda/> [Último acceso 20/11/2024]
- Jackson, T. (2019). The Post-growth Challenge: Secular Stagnation, Inequality and the Limits to Growth. *Ecological Economics*, 156, 236–246.
- Kalecki, M. (1943) Political Aspects of Full Employment, *Political Quarterly*, 14, 322-330.
- Lanero Táboas, D (2020). La política de vivienda del franquismo en una ciudad de tamaño medio: Santiago de Compostela (1940-1960). En Lanero Táboas, D (Ed.) *De la chabola al barrio social*:

- Arquitecturas, políticas de vivienda y actitudes sociales en la Europa del Sur (1920-1980)*. Santiago de Compostela: Comares: 95–116.
- López, I; Rodríguez, E (2010). *Fin de ciclo. financiarización, territorio y sociedad de propietarios en la onda larga del capitalismo hispano*. Madrid: Traficantes de Sueños.
- Leitner, S. (2003). Varieties of Familialism: The Caring Function of the Family in Comparative Perspective. *European Societies*, 5(4), 353–375.
- Marshall, T. H. (1998) [1950] *Ciudadanía y clase social*, Alianza.
- Mastini, R., Kallis, G., & Hickel, J. (2021). A Green New Deal without growth? *Ecological Economics*, 179, 106832.
- Meier, V., & Werding, M. (2010). Ageing and the welfare state: Securing sustainability. *Oxford Review of Economic Policy*, 26(4), 655–673.
- Ministerio de Fomento (2024). Vivienda y rehabilitación protegidas. Accesíbel en: <https://www.transportes.gob.es/el-ministerio/informacion-estadistica/vivienda-y-actuaciones-urbanas/estadisticas/vivienda-prottegida/vivienda-y-rehabilitacion-prottegidas>
- Muñoz de Bustillo, R. (2019) *Mitos y realidades del Estado de bienestar*, Alianza.
- Musgrave, R. (1957) A Multiple Theory of Budget Determination, *FinanzArchiv*, 25(1), 33-43.
- Navarro, V. (2014) “Capital-Labor Struggle: The Unspoken Causes of the Crises”, *International Journal of Health Services*, 44 (1), 1-6.
- Pickett, K., y Wilkinson, R. (2009) *The Spirit Level: Why more equal societies almost always do better*, Allen Lane
- Pullinger, M. (2014). Working time reduction policy in a sustainable economy: Criteria and options for its design. *Ecological Economics*, 103, 11–19.
- Rodríguez-Cabrero, G. (2011) The consolidation of the Spanish welfare state (1975–2010) en A. M. Guillén y M. León (eds.), *The Spanish Welfare State in European Context*, Ashgate Publishing.
- Summers, L. H. (2018). Secular Stagnation and Macroeconomic Policy. *IMF Economic Review*, 66(2), 226–250.
- Taylor-Gooby, P. (2004) *New risks, new welfare the transformation of the European welfare state*, Oxford University Press.
- Titmuss, R. M. (1960) ‘The Social Division of Welfare’. En *Essays on the Welfare State*. Allen & Unwin.
- Xunta de Galicia (2024). Rueda anuncia que la Xunta aprueba la Estratexia Galega de Solo Residencial para la construcción de 20.000 viviendas protegidas. Accesíbel en: <https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/002556/rueda-anuncia-que-xunta-aprueba-estratexia-galega-solo-residencial-para-construccion>